

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As esponxas teñen forma de saco e presentan poros.

As medusas son xelatinosas e teñen tentáculos.

Os vermes son alongados e o seu corpo é brando e sen patas.

Os moluscos son brandos e adoitan estar protexidos por cunchas.

Os equinodermos teñen un esqueleto de placas baixo a pel e presentan espiñas.

Os artrópodos teñen patas e unha cuberta dura.

1 Escribe o grupo ao que pertence cada silueta e escribe por que o soubeches.



A. _____



B. _____



C. _____



D. _____



E. _____

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os insectos pertencen ao grupo dos artrópodos.


O seu corpo está formado pola cabeza, o tórax e o abdome.

Na cabeza están a boca, os ollos e as antenas.

Do seu tórax saen seis patas e, normalmente, as ás, que poden ser dúas ou catro.

Os insectos son ovíparos. Cando saen do ovo son larvas e teñen forma de verme.

1 Escribe o nome de cada parte.



2 Escribe nomes de insectos que coñezas.

3 Indica se as seguintes oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

- Os insectos acabados de nacer son vermes.
- Os insectos acabados de nacer son parecidos aos adultos.
- Os insectos acabados de nacer chámanse larvas.

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os animais proporcionánnos diversos beneficios. Os principais son:

- Alimento, como a carne, o peixe, os ovos, o leite e o mel.
- Vestido, como a la e o coiro.

Ademais, dannos outros beneficios, como a compañía, a defensa ou o ocio.

1 Pensa e responde estas preguntas.

- De que animais comemos principalmente a súa carne? E o peixe?

- De que animais proceden os ovos? E o leite? E o mel?

2 Os animais proporcionánnos vestido. Completa as oracións sobre este tema.

- A la obtense do _____
dalgúns animais.

A la máis utilizada é a

da _____.



- O coiro obtense a partir da _____
dalgúns animais.

Moitas das nosas prendas de _____

están feitas de coiro.

